Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 14 de outubro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor da Corporación , de data 15 de outubro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato , ao tratarse dunha prestación coa que se persegue establecer as prestacións a realizar polo adxudicatario para a impartición do curso de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre necesario para a obtención do título oficial correspondente, como actividade xuvenil enmarcada na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, que no seu Título III relativo á organización e distribución de competencias, Capítulo II, artigo 34 (competencias da Administración Local), punto 1, apartado c), cita como competencia en materia de mocidade a creación, o mantemento e a xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á xuventude que se consideren necesarios para garantir unha política integral de mocidade.

Ademáis, coa contratación destes traballos garántese a continuidade de servizos xa establecidos , de acordo co disposto no art. 3 da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e ante a insuficiencia dos medios personais e materiais cos que conta o Concello de Cambre para poder levar a cabo este programa formativo tan específico, segundo informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas , e tendo en conta os informes emitidos polo mesmo funcionario con data do 17 de setembro de 2021 sobre inexistencia de duplicidade na prestación do servizo, e máis pola Intervención Municipal con data do 19 de setembro de 2021, relativo á sustentabilidade financeira.

Todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000015, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- | | |
|---------------------------------|--|
| - Obxecto do contrato: | Impartición do curso oficial de Monitor de Actividades de Tempo libre, do programa Trans-Fórmate, a realizar no Concello de Cambre nos cursos 2021-2022 e 2022-2023 . |
| - Orzamento base de licitación: | 14.726,62 euros |
| - Valor estimado: | 32.398,56 euros |
| - Duración: | A duración do contrato está prevista para os cursos 2021-22 e 2022-23 , con opción de prórrogas anuais para impartir nos anos 2023-24 e 2024-25, con inicio no mes de novembro para o ano 2021 (curso 21-22) e setembro para os anos 2022, 2023, e 2024, (cursos 22-23, 23-24 e 24-25) iso de conformidade co establecido na cláusula nº 2 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares. |

isto a teor do establecido nos artigos 131 ,159.6 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 337.22606, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións non previstas do contrato .

Quinto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á “Subministración e instalación dun grupo electróxico de 100 KVA para o campo de fútbol municipal de Lendoiro – A Barcala”, á empresa “Navalco Servicios de reparación y mantenimiento de motores marinos y Cogeneración, S.L.”, no prezo ofertado de 14.400,00 € sen IVE, 17.424,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000172

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 11/09/2021 asínase polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude , o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e o alcalde da corporación o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “Subministración e instalación dun grupo electróxico de 100 KVA para o campo de fútbol municipal de Lendoiro – A Barcala” elaborado polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, cun importe de licitación de 14.990,00 euros sen IVE, 18.137,90 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 30 días.

A dita contratación considérase necesaria para a correcta prestación de servizo e uso das instalacións deportivas municipais que serán obxecto das actuacións derivadas deste contrato, en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da *Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local*.

Asemade, a *Lei 3/2012 do deporte de Galicia*, no seu artigo 8, especifica as seguintes competencias para os municipios no seu ámbito territorial:

3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.

4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.

Dende a súa posta en servizo no ano 2010, as instalacións do Campo de Fútbol Municipal de Lendoiro (A Barcala) impulsan a súa subministración eléctrica a través dun grupo electróxico, o cal deixou de funcionar a finais do pasado mes , sendo inviable o seu arranxo, polo que resulta necesaria a adquisición dun novo grupo

eléctrico para substituír ao danado, esto tendo en conta que se trata dunha instalación deportiva moi utilizada por diferentes clubs, asociacións e pola cidadanía en xeral , e que en ausencia deste equipamento a instalación debería de permanecer pechada ao público.

Con data 21 de setembro 2021 emítese informe documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 62300 (maquinaria, Instal. Técnicas instalaciones deportivas)

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 08/10/2021 emítese informe polo coordinador de Área de Cultura, Deportes e Xuventude, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Navalco , S.L
- Instalaciones Eléctricas Coruñasas, S.L.
- Capresa Servicios integrales S.L

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Navalco , S.L	14.400,00€	17.424,00€
Instalaciones Eléctricas Coruñasas, S.L.	14.990,00€	18.137,90€

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Subministración e instalación dun grupo eléctrico de 100kva para o Campo de Fútbol Municipal de Lendoiro-A Barcala”, á empresa Navalco , S.L, con NIF B7014****, domicilio na Avenida da Prensa nº56 15142 (ARTEIXO) , no prezo ofertado de 14.400,00 € sen IVE, 17.424,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de admin. xeral de data 15 de outubro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 396/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 18/10/2021 de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local , e art. 8 da Lei 3/2012 do deporte de Galicia,

así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a “Memoria valorada”, correspondente á “Subministración e instalación dun grupo electrógeno de 100 KVA para o campo de fútbol municipal de Lendoiro – A Barcala” elaborado polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, cun importe de licitación de 14.990,00 euros sen IVE, 18.137,90 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 30 días, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62300 (maquinaria, Instalacións Técnicas instalacións deportivas).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000172, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á “Subministración e instalación dun grupo electrógeno de 100 KVA para o campo de fútbol municipal de Lendoiro – A Barcala”, a prol da empresa “Navalco Servicios de reparación y mantenimiento de motores marinos y Cogeneración, S.L.”, con NIF B7014****, domicilio na Avenida de la Prensa nº56, 15142 (Arteixo – A Coruña), no prezo ofertado de 14.400,00 € sen IVE, 17.424,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude municipal, don José Luís Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución

competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adxudicación da obra “Arranxo de camiños municipais”, a prol do licitador “Canarga, SL.”, no prezo ofertado de 239.650,41 euros sen IVE (289.977,00 euros IVE incluído). Expte: 2021/C003/000011

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C003/000011 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, da obra “Arranxo dos camiños municipais”, cun orzamento base de licitación de 290.995,55 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.3 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 24 de setembro de 2021 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa mesma data, a prol do licitador “Canarga, S.L.” no prezo ofertado de 239.650,41 euros sen IVE (289.977,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do enxeñeiro de camiños municipal- xefe da Sección de Servizos, de data 6 de outubro de 2021.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 18 de outubro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número JUA 398/2021 emitido polo interventor municipal con data do 18 de outubro de 2021.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 24 de setembro de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Arias Infraestructuras, S.A.
- Canarga, S.L.
- López y Leis, S.A.

Segundo: Excluir a oferta presentada pola entidade "Hordescón, S.L.", de conformidade co establecido na cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, en consonancia co establecido no art. 84 do RD 1098/2001 de 12 de outubro (Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas), ao exceder o prezo ofertado pola empresa o orzamento base de licitación, fixado en 290.995,55 euros IVE incluído, sendo a oferta económica de "Hordescón, S.L." dun importe de 387.000,00 euros IVE incluído.

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 24 de setembro de 2021, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ás ofertas económicas e demais criterios evaluables mediante fórmulas que constan na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica, incremento de medios e redución do prazo de execución); así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido nas inferiores a 250.517,72 euros IVE incluído, resultando que ningunha das ofertas presentadas se atopa nesta circunstancia:

EMPRESA	PREZO SEN IVE	PREZO CON IVE	PTOS.	INCREMENT. DE EQUIPOS	PTOS.	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN (SEMANAS)	PTOS.	TOTAL PUNTOS
Arias Infraestructuras SA	210.481,04 €	254.682,06 €	40,00	0	0	0	0	40,00
Canarga SL	239.650,41 €	289.977,00 €	35,13	4	40	4	20	95,13
López y Leis S A	240.000,00 €	290.400,00 €	35,08	0	0	0	0	35,08

Cuarto: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 24 de setembro de 2021 e de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas:

EMPRESA	PUNTOS
Canarga, S.L.	95,13
Arias Infraestructuras, S.A.	40,00
López y Leis, S.A.	35,08

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 24 de setembro de 2021, adjudicar a obra "Arranxo de camiños municipais", á empresa "Canarga, S.L.", con NIF B153***** e domicilio en El Paleo s/n - 15175 Carral (A Coruña), no prezo ofertado de 239.650,41 euros sen IVE (289.977,00 euros IVE incluído), ofertando ademáis un incremento de 4 equipos completos de aglomerado asfáltico ademáis do mínimo esixido, e unha redución do prazo de execución de 4 semanas sobre o prazo establecido, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, non estar incursa en presunción de ser anormalmente baixa, e ter

presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse, ademais de na baixa económica ofertada, no incremento de medios para a execución da obra a 5 equipos completos (4 equipos completos de aglomerado asfáltico, ademais do mínimo esixido de 1 equipo completo) e na redución do prazo de execución a 5 semanas (4 semanas de redución sobre o prazo establecido no proxecto, que é de 9 semanas).

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Sétimo: Desígnase como directora da obra á enxeñeira técnica de Obras públicas municipal, dona Elena Bartomé Delanoë, que exercerá así mesmo as facultades de responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á empresa “Gallega de Coordinaciones S.L.”, como adjudicataria do contrato para a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022), exp. nº 2020/C004/000022.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e á entidade encargada da coordinación de seguridade e saúde, e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese á directora de obra-responsable do contrato, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de “Recoñecemento do terreo no Centro Municipal de Formación–Polígono Espírito Santo do Concello de Cambre” á empresa TERRAE GEOCONSULTING S.L. no prezo ofertado 6.132,05€ sen IVE, e 7.419,78€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000135

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 09/08/2021 emitese polo arquitecto municipal o documento denominado “Reconocimiento del terreno en el centro municipal de formación, polígono Espíritu Santo, Cambre” no que se describe o obxecto do servizo a contratar, consistente en facer un estudo para coñecer as medidas que deben tomarse para deter a situación de deterioración progresiva que sofre o Centro Municipal de Formación, e se determina o importe deste servizo, en 6.150,00 euros sen IVE, 7.441,50 euros IVE incluído.

Con data 11/08/2021 asínase pola responsable da Área de Axencia de Desenvolvemento Local, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, o documento denominado “Proposta-informe de necesidade”, ao que se achega, como “Memoria valorada”, o documento anterior elaborado polo arquitecto municipal, para a realización do servizo de “Recoñecemento do terreo no Centro Municipal de Formación–Polígono Espírito Santo do Concello de Cambre”, cun importe de licitación de 6.150,00 euros sen IVE e 7.441,50 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 1 mes.

Motívase a necesidade da realización deste servizo dado que *“o Centro Municipal de Formación comenzou a construírse no ano 2002, rematándose a primeira fase no mes de maio de 2003, quedando sin executar a urbanización exterior da parcela. Dita obra foi concebida para ser ampliada en sucesivas fases, según as necesidades futuras de crecemento e demandas de formación. No ano 2009 acometeuse a urbanización exterior para dotar a edificación dun parking para usuarios e no ano 2010 ampliouse dotando á edificación con novas aulas e obradoiros.*

Co paso dos anos, empezouse a observar que na planta baixa do centro, en concreto na zona de recepción empezaban a aparecer unhas fisuras o gretas tanto nas paredes como no pavimento. Según foron pasando os anos nesta mesma zona empezouse a agrietar o pavimento e a aumentar de tamaño as fisuras dando lugar a pequenos escalonamentos, en concreto diante das portas dos servizos hixiénicos ubicados na zona de recepción. A partir dese momento, o departamento de urbanismo empezou a facer un seguemento do avance das fisuras co fin de determinar a súa evolución. En principio pensouse que o problema venía derivado da execución da obra da urbanización exterior, polo que nun primeiro momento comenzouse a facer un seguimento con marcaxe de fisuras para determinar si se producía un parón por asentamento da edificación ou pola contra seguía producíndose unha apertura nas fisuras analizadas.

A zona máis afectada corresponde coa zona dos servizos hixiénicos ubicados no lado dereito da entrada principal da edificación, onde prodúcese a rotura do pavimento e as fisuras. Así mesmo detectase a presenza de gretas no módulo no que se ubica o salón de actos, e dicir na planta baixa do centro que non ten debaixo sótano. De feito, obsérvase que as patologías son máis evidentes na zona de contacto entra ambas tipoloxías de estrutura; a estrutura con sótano debaixo e a estrutura que non ten sótano.

Unha vez analizado esta evolución e a vista de que as fisuras e o escalonamento siguen a aumentar de maneira lenta pero continuada determinouse a necesidade de proceder a analizar a causa que o está provocando, xa que non se pode realizar a reparación das mesmas se non temos determinado previamente que as está a provocar.

Dende a data de inauguración, no ano 2003, é dicir dende fai 16 anos, nunca se fixo ningun traballo de reparación nos paramentos verticais e horizontais nestas instalacións, polo que na actualidade na zona de recepción hai fisuras nas paredes e escalónamentos no chan que necesitan con urxencia o seu arranxo. Así mesmo, este tipo de traballos non poden considerarse de carácter habitual xa que veñen determinados por problemas que xurden o logo do tempo. (...)"

Os traballos a executar son os seguintes:

- Ensaio (6) de penetración dinámica continua, tipo DPSH o DPL; tapado posterior de perforación con mortero de cemento. A situación destes ensaios de penetración, ten que ser expresamente autorizado por un técnico municipal da área de urbanismo,
- Ensaio de laboratorio para determinar o chan/pavimento: humidade natural, granulometría, límites de Atterberg, densidade aparente, etc.
- Levantamento de fisuras con descripción, reportaxe fotográfico e situación en planos.
- Instalación de testigos de yeso y fisurómetros, incluíndo estes e medios para a súa instalación.
- Inspección de tubaxes de pluviais, próximas, con videocámara
- Supervisión e realización de informe final recollendo as conclusións e recomendacións

Con data 26/08/2021 emítese documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 241 22706 (Estudios y trabajos técnicos).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 11/10/2021 emítese informe pola axente de desenvolvemento local no que consta que no expediente foron invitadas as seguintes empresas:

- TERRAE GEOCONSULTING S.L.
- TOPOGRAFÍA E XEOTECNIA XEOTEC S.L.
- 3C CALIDAD Y CONTROL S.COOP GALEGA.

E que presentaron en prazo oferta as seguintes empresas:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta con IVE (21%)
TERRAE GEOCONSULTING S.L	6.132,05 €	7.419,78 €

3C CALIDAD Y CONTROL S.COOP GALEGA	6.150,00 €	7.441,50 €
------------------------------------	------------	------------

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de “Recoñecemento do terreo no Centro Municipal de Formación–Polígono Espíritu Santo do Concello de Cambre á empresa TERRAE GEOCONSULTING S.L, co CIF:B705***** e domicilio na Rúa Emilio González López nº 58 bloque A Baixo 15011 A Coruña, no prezo ofertado 6.132,05€ sen IVE, e 7.419,78€ con IVE, por ser a empresa que presentou a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, logo de verificar co arquitecto municipal que a proposta cumpre cos requisitos esixidos no proxecto técnico.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 18 de outubro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 405/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 18 de outubro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de “... outros equipamentos da súa titularidade”, segundo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o informe- proposta elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 09/07/2021, para a realización do servizo de “Recoñecemento do terreo no Centro Municipal de Formación–Polígono Espíritu Santo do Concello de Cambre”, cun importe de licitación de 6.150,00 euros sen IVE e 7.441,50 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 1 mes, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 241 22706 (Estudos e traballos técnicos).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000135, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente ao servizo de “Recoñecemento do terreo no Centro Municipal de Formación–Polígono Espíritu Santo do Concello de Cambre á empresa TERRAE GEOCONSULTING S.L, co CIF:B705***** e domicilio na Rúa Emilio González López nº 58 bloque A Baixo 15011 A Coruña, no prezo ofertado 6.132,05€ sen IVE, e 7.419,78€ con IVE, por ser a empresa que presentou a



mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, e cumprir cos requisitos esixidos no documento técnico.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á responsable da axencia de desenvolvemento local, dona Ana María Portela Torrón, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sen prexuízo da designación anterior, os traballos obxecto do contrato deberán ser supervisados por parte de persoal técnico especializado do Concello de Cambre, que fará as comprobacións pertinentes e emitirá o informe correspondente que verifique a boa execución dos traballos a desempeñar.

Sétimo: Notifíquese á responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Juan González Leirós

Maria Luisa de la Red Ampudia